

Buenos Aires, 14 de setembro de 1960.

83

Sr.D.
Ricardo Carballo Calero
Lugo

Meu querido amigo:

Tíña que ter escrito dende que cheguei a ista, mais funo deixando por pregui-za e isa perplexidad que a un lle queda logo de voltar de unha terra que durante ~~mais~~ moitos anos, un non fixo mais que soñala dende moi lonxe. Fuches a primeira persoa amiga de sempre que eu vin en Galicia, e si denantes tíña por tí amizade e admiración, unha e outra renováronse nos dous días que pasei en Lugo. Non sei cando voltaremos, mais sempre teremos pra tua dona e pra tí, a miña e eu, o recoñecimento da vosa hospitalidade.

Por correo aparte envíoche as miñas obras de teatro que foron primeiro escritas en galego e logo, por razóns de publicación, traducidas por min ao castelán. Unha delas, "La Soldadera", estrenarase eiquí por unha compañía arxentina na próxima temporada. No libro que te deixei, "As Cicatrices", no poema "guerreiros contra o mar", ten unha errata importante. No verso terceiro onde dí bágoas ten que decir vagas. Esquecínme, creo, de correxilo cando o adiquei. Con saúdos pra todol-os amigos, recibide a tua ~~muller~~ e tí unha aperta da miña e de min, e outra grande pra tí de: